

Bos días queridas familias de primeiro!

Esta semana imos observar o tempo. Para isto, podedes imprimir a ficha que atoparedes a continuación. Se non tedes posibilidade de imprimir, podedes facelo a man nun folio.

Deben poñer o seu nome enriba de todo. Este mini proxecto consiste en que cada día observen pola fiestra o tempo que vai e escriban e debuxen na tabla o símbolo e palabra correspondente.

Antes de facer isto é convinte que repasen os tipos de tempo e os días da semana; recordade que en inglés é máis importante a habilidade oral, que a escrita. Polo tanto, o obxectivo é que sepan expresalo de xeito oral, aínda que de xeito escrito teñan erros.

Aquí vos deixo as ligazóns para practicar o tempo e os días da semana:

<https://www.youtube.com/watch?v=Jn7uAsLWXpk> (What's the weather like today?)

<https://www.youtube.com/watch?v=mXMofxtDPUQ> (Days of the week)

Cando enchades a táboa cada día, deberedes facer como rutina repetir os días da semana en voz alta e dicir qué día é hoxe e qué tempo vai. Se tedes dúbidas de cómo pronunciar podedes utilizar o GOOGLE TRANSLATOR e pulsar o altavoz para escoitar. Por exemplo:

- Today is MONDAY.

- What's the weather like today? Today it's CLOUDY.

Ao rematar a semana, podedes anotar cantos días fixo sol, estivo nublado ou cantos días choveu. Isto é unha boa oportunidade para repasar os números tamén.

Aquí vos deixo outra ligazón cunha canción interactiva para repasar os números, na que teñen que realizar os xestos que se van facendo:

<https://www.youtube.com/watch?v=xNw1SSz18Gg&list=RDQMli7pupikzul&index=3>

(numbers from 1 to 10).

A maiores, podedes facer a manualidade THE WEATHER WHEEL, que tamén vos deixo a continuación.

Deséxovos unha feliz semana e moito ánimo!

_____ Watches the Weather

sunny



cloudy



rainy



windy



snowy



	Monday	Tuesday	Wednes- day	Thursday	Friday	Saturday	Sunday

What's the weather like today?

Today is _____

N° of days : sunny

cloudy


rainy

windy

snowy

Weather Wheel

Let's make a weather wheel! Cut out the circle and arrow below.
In each space, draw a picture that matches the weather word. Using a
brad, attach the arrow to the middle of the wheel.



Hang the wheel where you can see it each day.
Check the weather, and point the arrow towards the
weather picture that describes what it's like outside.